



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E DOUS DE XUÑO DE 2022, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D ^a . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D ^a . RAQUEL SANGIAO DURÁN
	D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
	D. DAVID BROCOS VIEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día vinte e dous de xuño de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores. (25/05/2022)

Intervén dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE para dicir que na acta anterior na relación de asistentes figura D. David Brocos Vieiro antes ca D^a Yolanda Vieiro Cebreiro e entende que é un micromachismo a non ser que sexa unha petición do BNG. Espera que se modifique. Sometida a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo, se procede, do POS + ADICIONAL 2/2022 (2ª Fase).

Visto que o Pleno da Deputación, con data 27 de maio de 2022, aprobou a modificación das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos POS +2022 para regular o POS + Adicional 2/2022 , para o financiamento dos gastos correntes dos concellos do exercicio 2022 e/ou os investimentos financeiramente sostibles e/ou a revisión excepcional de prezos nos contratos públicos de obras municipais, como medida extraordinaria adoptada para axudar aos concellos a facer fronte á crise socioeconómica derivada da persistencia da pandemia motivada pola COVID-19 e da guerra de Ucraína, coa conseguinte alza de prezos de determinados bens e servizos que repercute directamente nun incremento do custo da prestación dos servizos municipais obrigatorios, así como da execución das obras públicas contratadas polos concellos (BOP núm. 102/22, do 31 de maio)

Vista a circular remitida pola Deputación para a elaboración dos POS + Adicional 2/2022, a asignación ao concello ascende á 346.367,18 euros.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Visto que na 1ª fase do Plan, por Resolución da Alcaldía núm. 367/22. De data 13 de xuño, se confirmaron as seguintes obras aprobadas polo pleno desta corporación con data 26 de xaneiro de 2022, incluídas no Plan Complementario do POS +2022:

	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
Investimentos financeiramente sostibles incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
Ampliación da rede de abastecemento en Viño grande e Trobe (Vedra-A Coruña)	76.559,79	35.864,03	23.609,00	59.473,03	136.032,82
Pavimentación de pistas en San Xián, Illobre, San Mamede e outros	169.807,39	0,00	0,00	0,00	169.807,39
TOTAL	246.367,18	35.864,03	23.609,00	59.473,03	305.840,21

De acordo coas bases reguladoras deste plan, propónse ao Pleno:

PRIMEIRO.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS +ADICIONAL 2/2022, da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

b) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devindicados en 2022	100.000,00 euros

c) Resumo de financiamento

POS + ADICIONAL 2/2022	Deputación	Concello			Orzamento total
		Concello	IVE soportado deducible	Total concello	
Gastos correntes servizos obrigatorios	100.000,00				100.000,00
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022					
Revisión excepcional de prezos obras municipais					
TOTAL	100.000,00				100.000,00



SEGUNDO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste plan.

TERCEIRO.- Autorizar a Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que este plan que saca a Deputación ten unha dotación superior á que esperaban de 100.000 €. Cando discutiron os orzamentos no mes de novembro viron que o concello ía recibir este ano 200.000 € máis. Estes fondos da Deputación son para axudar aos concellos a facer fronte á crise socioeconómica derivada da persistencia da pandemia e pola guerra de Ucraína. O grupo municipal do PSdeG-PSOE de Vedra solicita que o grupo de goberno reconsidere a proposta da modificación da ordenanza fiscal do programa Conxuga que se vai debater no seguinte punto da orde do día. Propón unha subida igualitaria pero non equitativa. Cre que hai marxe solicita que reconsidere a súa postura dados estes fondos extra.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, solicita que se faga unha planificación da pavimentación das pistas, porque non se sabe exactamente que pistas se van arranxar e ao final acaba sendo un absurdo o arranxo dunha pista si e outra non de iguais características. Solicita que se faga previamente todos os anos unha planificación dos lugares por parroquias que se van pavimentar e se motive esa elección.

Tamén solicita, como se verá na moción que van presentar despois, que se garden cartos para a desconexión da casa do concello.

Se a Presidencia accede a iso e indica que é o que se vai pavimentar por parroquias e se fai igual en todas as parroquias, o grupo municipal do BNG pode darlle o voto a favor.

A Presidencia responde que as obras son demandadas pola veciñanza e estaban á espera de ter os fondos para acometas e xa foron propostas no seu momento no POS Complementario.

As pistas que se pavimentan son as que demandan os veciños e que están en peor estado e dependendo do tráfico que teñen. A mágoa é que hai moitas para reparar e non hai fondos para facelo. Hai que facelo con outro plan que está pendente do ano pasado e aínda así non chegará para reparar todas as pistas que o necesitan.

Parécelle unha boa idea que ese plan de asfaltado se plasme por escrito.

En resposta ao que expuña o grupo municipal socialista, di que o problema que teñen todos os concellos é que os gastos non soben só nunha partida, senón que soben de xeito xeneralizado. Está falando da enerxía, dos combustibles, do custe dos materiais, das propias obras nas que moitos concellos destinan eses fondos para sufragar a parte das obras que no seu momento non puideron adxudicar porque as propias empresas non se presentaron.

En plenos anteriores falouse da achega ao SAF que teñen que facer e que non estaba prevista no seu momento, que supón 250.000 € este ano. Bastante falta fan eses fondos para ir sufragando as alzas dos gastos ordinarios.

Posta a votación, apróbbase con oito votos a favor do PP, tres abstencións do PSdeG-PSOE e dous votos en contra do BNG.

3º.- Acordo, se procede, sobre modificación da ordenanza fiscal nº 22 reguladora da taxa pola prestación do servizo do Programa municipal de conciliación Conxuga.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Visto que se considera necesario e oportuno modificar as taxas pola prestación do servizo do Programa Conxuga para o adecuado financiamento dos gastos que debe soportar o concello e o reforzamento da facenda municipal en orde a atender os servizos municipais.

A Presidencia di que expoñen isto porque este ano hai máis xente traballando na ludoteca ca na brigada de obras e os números chaman a atención. Os gastos, no que está incluído o servizo de madrugadores de Vedra, a ludoteca de verán, a ludoteca do curso escolar, están por encima dos 120.000 € e probablemente a finais de ano sexan máis.

En madrugadores hai 22 usuarios; na ludoteca de verán 48 e na ludoteca de curso 60. A achega destes usuarios a eses 120.000 € é de 30.000 €, apenas cubre o 25% de todo o custe dese servizo.

Existen as subvencións propias do programa de conciliación máis as de financiamento dos servizos comunitarios, que entre os dous suman 21.600 €.

Os ingresos entre subvencións e achegas dos usuarios son arredor duns 51.000 €, polo que existe un resultado negativo de 71.238 €.

Tamén existe outro dato obxectivo importante, que é o tipo de usuario. Este ano no servizo de madrugadores hai un 45% de usuarios do concello de Boqueixón e na ludoteca de curso un 35%.

Poñendo estes datos en contexto, ao final facendo unha proxección da poboación de Vedra, está usando este servizo menos do 5% da poboación de Vedra e tendo en conta ese déficit de 72.000 € pensando nesa porcentaxe, non parece moi razoable.

O servizo de ludoteca de tarde é un servizo que ten un proxecto educativo, e con estes números estaban cobrando 60 € por usuario cinco horas ao día, cinco días á semana e catro semanas ao mes. É un servizo que nestas condicións non pode prestar o concello.

O grupo de goberno tiña que tomar unha decisión, que fundamentalmente pasaba por seguir facendo unha achega moi importante, por riba dos 40.000 €, tal e como reflicte o estudo económico. Había varias alternativas: 1º.- Limitar o número de usuarios como fíxo o concello de Santiago e que quedaran familias fóra. 2º.- Incrementar as achegas dos usuarios respectando as bonificacións que están establecidas na ordenanza. 3º.- Unha solución mixta das dúas anteriores: limitar o número de usuarios e facer un incremento da taxa.

O que fixeron foi convocar aos usuarios da ludoteca de curso, que é onde se produce a gran subida, e explicarlles a situación e coñecer a súa opinión.

A esa reunión foron coa idea de limitar o número de usuarios e incrementar un pouco os prezos, pero nesa xuntanza con case 20 familias, quedoulles claro que estaban moi contentos co servizo e que preferían pagar máis a que quedaran usuarios fóra do servizo; ademais doutras propostas que quedaron introducidas na modificación da ordenanza.

Buscando fórmulas xustas e alternativas e propostas para facer sostible ese servizo faláron de dous temas: 1º.- Falar co concello de Boqueixón para buscar, se había unha fórmula legal que asumira a porcentaxe de déficit que lle correspondería proporcionalmente cada ano polo número de usuarios de Boqueixón. Xa faláron os interventores dos dous concellos e están á espera da resposta de Boqueixón, xa que legalmente é factible.

2º.- No tema de madrugadores, poderíanse explorar outras fórmulas como as que se están levando a cabo no CEIP de Ortigueira, no que o servizo de madrugadores está xestionado pola ANPA onde existen liñas de financiamento propias das ANPAS para este tipo de conciliación co cal obteñen recursos, hai achegas dos pais e o déficit restante pono o concello. Falouse co director do CPI de Vedra para ver se había a posibilidade de levalo a cabo e en principio non existe problema. Solicitou unha reunión coa ANPA do CPI de Vedra pero parece que vai haber eleccións en breve e haberá unha nova xunta directiva. Esta é unha forma de facer o servizo de madrugadores máis sostible e ao mellor facer os prezos máis accesibles.

Mantiveron unha segunda reunión cos pais á que levaron unha proposta concreta. O que son as tarifas da ludoteca de verán e madrugadores multiplícanse por 1,5, o que é unha subida inferior



ao que é a ludoteca de curso que é a que encarece o custe do servizo. A ludoteca de curso multiplica o seu custe un 2,4, esperando que o 0,6 restante se obteña dos fondos de Boqueixón.

Ademais das modificacións xa faladas hai outras, como por exemplo a preferencia de uso dos irmáns e a posibilidade de renovación de praza cara o ano seguinte, situacións que lle preocupaban aos pais.

Tamén pediron que se puxese un tramo máis nas rendas en relación ao IPREM e engadiuse un tramo de unidades familiares con ingresos inferiores a 3,5 veces o IPREM e tamén se vai ter en conta o rendemento do capital inmobiliario.

As taxas quedan como figuran na ordenanza. Nesa redistribución social nos custes dos servizos, aqueles usuarios que superen 6,5 veces o IPREM vixente, non terán bonificacións de ningún tipo.

Todo isto hai que poñelo en contexto. Pon como exemplo unha familia con dous usuarios que teña unha base imponible do IRPF de 24.000 €. Se precisaran os cinco días da semana terían un desconto do 15% no primeiro fillo e o 2º fillo acumularía o 25% e o 15% (40% total). Esa familia non pagaría 290 €, senón 210 €. No caso de usar o servizo tres días, debería abonar 130 € coas bonificacións, non 180 €.

O 50% dos usuarios da ludoteca durante o curso teñen unhas rendas superiores a 24.000 €. As familias querían manter a calidade do servizo e o número de persoas que están usando o servizo.

Sabe que é unha medida á que a oposición vai votar en contra e que non lle gusta aos usuarios, pero era necesario facelo e aínda así segue a supoñer un esforzo grande para o concello porque vai superar os 40.000 € de fondos propios que terán que seguir achegando.

O grupo de goberno considera que é un servizo necesario, que non ofrecen todos os concellos, fronte a outra xente que considera que este servizo non é necesario e que non entende por que o concello inviste tantos cartos nel. Consideran que é un servizo necesario e para algunhas familias de Vedra é imprescindible.

As familias obviamente non están de acordo coa subida, pero cónstalle que entenderon a situación.

Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, di que hai anos cando o Sr. Alcalde subiu os prezos da ludoteca dicía: “contempla que os prezos son razoables”. Pregunta se agora tamén lle parecen razoables.

Naquel momento cambiaran certas circunstancias como o aumento do número de horas de apertura da ludoteca porque se conseguira a xornada continua no colexio, o incremento salarial ás traballadoras, contratación de máis persoal, etc.

O déficit seguiu medrando dende o ano 2011, que foi a última vez que se subira, e nese momento había uns 30/40 mil euros de custe da ludoteca. Antes ingresaban 9.000 € de axuda ao programa Concilia e agora ingrésanse 15.000 €, sen contar o que ingresan pola técnica directamente ao programa.

A Presidencia dixo que o grupo de goberno ten que garantir a sostibilidade deste e doutros servizos. Este servizo está pensado para a xente que traballa, polo que se supón que ten ingresos, e precisamente porque traballa precisa deste servizo. É sabido que hai xente que traballa e non chega a fin de mes. Tamén dixo que ten que garantir o resto de servizos que prestan no concello e teñen que controlar o déficit que se orixina noutros servizos e por iso é



unha taxa e non un prezo público; porque unha taxa obriga a cubrir o custe do servizo e un prezo público non.

Presentaron unha moción na comisión informativa na que solicitaban a retirada da proposta da modificación.

Gastaron cartos en poñer as luces de Nadal, nas Xornadas da Camelia, na dedicación do padexeiro, etc e despois sóbenlle as taxas ás familias.

Na web municipal atópase o Plan de igualdade do concello de Vedra, no que figura, entre outras cousas o seguinte: *“as liñas establecidas no segundo Pacto Europeo pola Igualdade de Xénero (2011-2020), no que se insta aos Estados membros e á Unión Europea a adoptar medidas para pechar as fendas de xénero no emprego, promover unha mellor conciliación da vida laboral e a vida privada para mulleres e homes ao longo de toda a súa vida, e combater todas as formas de violencia contra as mulleres.*

O plan estatal responde, en particular, a tres obxectivos estratéxicos de carácter prioritario:

1) Reducir as desigualdades que aínda existen no ámbito do emprego e a economía, con especial incidencia nas desigualdades retributivas.”

Todos saben que a fenda salarial existe, está vixente, e moitas mulleres cobran menos cós homes e moitas veces desenvolvendo o mesmo posto. Se nunha parella é a muller a que gaña menos, no caso de non poder pagar o servizo de conciliación, a que reduce a xornada ou a que non traballa vai ser a muller.

2) Apoiar a conciliación e corresponsabilidade da vida persoal, familiar e laboral.

4) Mellorar a participación das mulleres nos ámbitos político, económico e social. Xa se ve no PP de Vedra a igualdade entre homes e mulleres.

É necesario mencionar o vixente Plan para a promoción das mulleres do medio rural (2015-2018), co que se pretende dar resposta a un dos obxectivos enunciados no PEIO: promover o desenvolvemento das mulleres nos ámbitos rural e pesqueiro. Vedra é un concello rural e o plan repite sempre o mesmo: o papel das mulleres, superar a fenda de xénero en materia de emprego, emprendemento, facilitar a conciliación, etcétera. Todo o plan constitúese coa finalidade de avanzar en canto a obxectivos transversais que abarcan todos os eixos de actuación, a saber, como cambiar a actual dinámica demográfica. A dinámica demográfica do concello de Vedra en canto a nacementos dende o ano 2013 e posteriores é de 50, 35, 26, 39, 31, 29, 25, 26.

O grupo de goberno do PP tampouco fixo nada por fixar a poboación no medio rural.

En definitiva, o plan de igualdade quedou só para facer a foto, decorar a web municipal e para ser un tema de estudo nos procesos de selección municipais.

Pregúntalle á Presidencia canto é o IPREM vixente a día de hoxe, e esta responde que é de 580€.

Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, di que entón para ter un desconto no servizo de madrugadores do 20%, unha unidade familiar de 3,5 ou 6 persoas, ten que gañar menos de 579€ ao mes; para que teña un desconto dun 15% ten que gañar 864€, é dicir, menos ca o salario mínimo interprofesional.

Nas escolas infantís públicas da Xunta de Galicia o servizo de atención é gratuíto, pero o comedor non, e puntúan dun xeito máis realista. Calcúlanse as contías en función do indicador público da renda de efectos múltiples do IPREM, pero por tramos de renda per cápita, é dicir, teñen en conta o número de membros da unidade familiar. As escolas infantís teñen oito tramos diferentes de prezos, dende os 0 € ata os 240 €. Para pagar o máximo tiñan que superar un 200% o IPREM, non o 6,5.

Parécelle unha broma que diga isto unha persoa que cobra 37.000 € anuais.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Mirando outras ludotecas de Galicia, a de Narón custa 0 € ao mes. A de Bergondo de setembro a xullo todas as tardes custa 45 €/mes. A hora solta 1,50 €. A ludoteca no verán custa 89 €/mes e 50 € a quincena; ten un desconto dun 10% por irmán.

A de Moaña ten un servizo de horas puntuais por 2,50 €. Non como en Vedra, na que os imprevistos teñen que comunicalos con 5 días de antelación. Tamén ten bonos de 10 horas por 20 €, de 30 horas por 45 € e de 200 horas por 200 €, ademais dun desconto dun 75% polo segundo irmán.

A ludoteca de Pontearreas ten un servizo de madrugadores por 25 € ao mes; a ludoteca de tardes por 16 € ao mes e a de verán por 27 € ao mes.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que parece que é culpa dos usuarios de Boqueixón, cando toda a vida viñeron ao colexio a Vedra os rapaces de Lestedo. Parécelle lóxico e normal que o aqueles que estuden en Vedra fagan as actividades antes e despois do horario escolar en Vedra. Parécelle ben que fale con Boqueixón por este tema xa que pode ser unha fórmula de conseguir uns cartos que si necesita o servizo da ludoteca.

En canto a que menos do 5% da poboación de Vedra usa este servizo, di que será porque é un concello avellentado, polo tanto hai menos nenos e evidentemente cada vez vaise ir reducindo máis a porcentaxe. Se non se fai nada pola conciliación dos nenos que xa hai, ao mellor os pais e nais deciden que están mellor noutros concellos onde haxa máis rapaces e polo tanto máis servizos para eles.

O seu grupo votará en contra porque lles parece unha suba excesiva. Todo o mundo sabe que a economía familiar cada vez está máis minguada coa crise actual.

Parécelle increíble que para un aforro de pouco máis de 26.000 € vaia contra un servizo esencial. Quizais haxa que revisar a suba de salarios e o liberado a maiores dende o inicio da lexislatura. O concello de Teo ten os mesmos liberados ca Vedra e ten case 19.000 habitantes.

Unha subida de máis de 200 € para unha familia é moitísimo. Se teñen que pagar ludoteca, madrugadores, comedor, hipoteca, luz, combustible, comida, etcétera non lles queda nada.

Pregunta se van endebedar aínda máis as familias.

Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, quere aclarar que na Lei 8/1989 do 13 de abril de taxas e prezos públicos coa súa correspondente modificación do ano 2017 establece que “*Tasas son los tributos cuyo hecho imponible consiste en la utilización privativa o el aprovechamiento especial del dominio público, la prestación de servicios o la realización de actividades en régimen de derecho público que se refieran, afecten o beneficien de modo particular al obligado tributario, cuando los servicios o actividades no sean de solicitud o recepción voluntaria para los obligados tributarios o no se presten o realicen por el sector privado.*”

Artículo 7. Principio de equivalencia.

Las tasas tenderán a cubrir el coste del servicio o de la actividad que constituya su hecho imponible.

Artículo 8. Principio de capacidad económica.

En la fijación de las tasas se tendrá en cuenta, cuando lo permitan las características del tributo, la capacidad económica de las personas que deben satisfacerlas.”

Esta subida de taxas non se cingue ao artigo 8. Con esta subida e eses descontos ridículos non teñen en conta a capacidade económica das familias usuarias deste servizo; só teñen en conta a necesidade económica de recibir cartos e financiar o servizo.

De aquí a finais do 2024, haberá 2 traballadoras fixas persoal funcionario do concello de Vedra no servizo da ludoteca que a este paso non terán a quen atender.



A Presidencia di que entende que este sexa o traballo da oposición, pero cre que ás veces descontextualizan os datos obxectivos e os números.

El é o primeiro que defende o tema de Boqueixón, pero hai situacións que antes non se daban e danse agora e afectan ao servizo.

A oposición reconece que hai poucas ludotecas en Galicia, pero non se pregunta por que hai poucas.

Está convencido de que non baixará moito a matrícula.

Foi unha mágoa que a concelleira do PSdeG-PSOE non asistira á reunión cos pais do servizo de ludoteca, porque así escoitaría a opinión das familias de Boqueixón, que dicían que este servizo non o tiñan no seu concello. Parécelle lóxico que cando se disparan os custes do servizo, sendo un 35% dos usuarios de Boqueixón, que falen co concello de Boqueixón para que asuma unha parte do custe.

Respecto ao de taxa ou prezo público, se fose este último terían que cobrar bastante máis ata cubrir os custes.

Sobre a perda de poboación do concello, debe dicir que nos últimos 10 anos as matrículas dos colexios de Vedra aumentaron.

O grupo de goberno o que fai e xestionar e repartir recursos. Cando dixo que o servizo o usa menos dun 5% das familias de Vedra, a ludoteca de curso presta este servizo a unhas 40 familias, das cales 28 son de Vedra e 12 de Boqueixón. O que non é razoable é que dos fondos propios do concello, fronte ao outro 95% de familias, haxa un déficit por riba de 70.000 €.

Achegar por riba dos 40/45 mil euros para un servizo fundamental para esas familias, cre que é un esforzo grande e importante. Gustaríalle coñecer a opinión do 95% da poboación restante respecto destes datos. Hai que gobernar para os 5.000 habitantes e para todas as necesidades e servizos que demandan os veciños e hai que buscar ese equilibrio.

Dende o ano 2020 disparáronse os custes dos servizos. Por exemplo, a gratuidade da gardería para todos o que vai supor é un incremento de custes para o concello, porque a Xunta vai pagar as tarifas establecidas, pero a electricidade, combustibles, custes laborais van aumentar.

Como este calquera outro tipo de servizos, porque aos concellos sóbelle todo pero non aumentan as transferencias correntes polo que se xera un déficit á hora de manter os servizos. Querer manter o nivel das axudas a todos os colectivos culturais, deportivos, etc tamén supón un esforzo importante.

Cando a oposición fala de medidas de aforro, no momento no que o concello fixo a ESE (moi criticada pola oposición) para a iluminación pública, pois son dos poucos concellos de Galicia que non van ter que pechar servizos ou apagar as luces polo incremento do custe da electricidade. En moitos concellos acabaron en tres meses o orzamento que tiñan para electricidade. A Vedra iso non lle vai pasar, e iso, que tamén é traballar por unha boa xestión do concello, axuda a manter o resto de servizos.

Respecto ás rendas máis baixas, dixo antes que a metade desas familias teñen rendas superiores aos 24.000 €. A partir de aí, hai que facer unha reflexión, porque a ludoteca está pensada para aqueles pais que traballan os dous ou familias monoparentais e en xornada completa. Todos coñecemos, xente con rendas baixas que non paga comedor no colexio, etcétera e de repente teñen coches de gama moi alta, o que significa que hai xente que ten rendas baixas pero que ten máis ingresos dos que declara e por tanto poderán pagar a ludoteca. Por outro lado, probablemente haxa familias usuarias da ludoteca que non estean traballando os dous proxenitores, polo tanto non sería necesario utilizar a ludoteca.

Con isto quere dicir que hai moitas circunstancias e variables.

O que é un dato obxectivo é que a metade dos usuarios gañan máis de 24.000 €, co que poden pagar a ludoteca aínda que sexa cun esforzo importante.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Contéstalle á voceira do BNG que cando fale dos liberados no concello de Vedra que use ese argumento para un tema só. Esta contéstalle que cando reverta esa situación non o sacará máis xa que eses cartos irán para outra cousa.

A Presidencia di que as familias entenden a posición do concello, o que non quere dicir que a compartan. Seguen facendo unha achega importante de máis de 40.000 € e manteñen a calidade do servizo e o número de usuarios, con independencia de que sigan traballando noutras liñas para facer sostible o servizo como é coa xestión de madrugadores pola ANPA do CPI de Vedra.

Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, di que unha familia de catro membros con 24.000 € de ingresos nas escolas infantís da Xunta de Galicia ata agora, que está entre o 30 e o 50% do IPREM, non pagaría nada no servizo de gardería, e en cambio na ludoteca pagaría case o máximo. Di que non é normal.

Non di que non se teña que subir o servizo, pro tense que facer dunha forma proporcional á capacidade económica de cada familia e facer descontos proporcionais aos ingresos que teñen e aos membros das unidades familiares. Probablemente a familia que teña moitos cartos tería que pagar máis dos 145 €, pero a que non pode non se ten que afogar e malvivir.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que ela pertence a ese 95% restante da poboación que non usa este servizo, o cal non quere dicir que algún día o necesite. Todos queren ter servizos porque nunca se sabe cal pode ser a situación no futuro.

A Presidencia matiza que sempre que se pon un límite, é inxusto, porque sempre vai haber unha situación na que por pouco vai estar a un lado ou a outro. Neste caso fiáronse das propostas dos técnicos e dos números obxectivos.

Por outro lado, el non di que 24.000 € sexa a panacea, nin di que a esa xente non lle custe moito.

Para o grupo de goberno non é un prato de bo gusto facer isto. Nos próximos anos si se van incrementar os custes e hai que buscar alternativas para seguir facendo sostible este servizo e o resto de servizos. Aclara que unha familia con dous rapaces que ingrese 24.000 €, vai esforzarse para poder pagar, pero vaino poder pagar. Se non se pode soste o servizo e hai que pechalo ou non poden entrar porque non se ofertan as prazas suficientes, entón non se lle pode prestar ese servizo a esa familia aínda que faga o esforzo porque o que non vai poder pagar é unha persoa que llos coide na casa.

Non hai outra forma de facelo e sempre vai haber situacións inxustas. Algunha desas familias estaba presente na reunión. Se non se fai así o servizo quebraría nun momento dado e entón si que habería un prexuízo para esas familias que o necesitan e que non poden facelo doutro xeito aínda esforzándose.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que houbo pais que lle fixeron chegar o seu desacordo con esta medida. Seguro que non teñen outra alternativa vivindo en Vedra ou Boqueixón.

A Presidencia replica que el non dixo que os pais estiveran de acordo e que lle parecera ben a subida. Dixo que entendían a postura do concello aínda que non a compartían.

Posta a votación, apróbbase con oito votos a favor do PP e cinco votos en contra do PSdeG-PSOE e BNG.

4º.- Acordo, se procede, sobre modificación dos compoñentes da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vedra.

Visto o escrito presentado polo grupo municipal do BNG, a Mesa de Contratación Permanente deste Concello, que asistirá aos órganos de contratación do Concello de Vedra (Alcaldía e Pleno), quedando constituída do seguinte xeito:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal



PRESIDENTE TITULAR: D. MANUEL COSTA CARNEIRO (PP)

PRESIDENTE SUPLENTE: D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ (PP)

VOGAIS:

VOGAL 1º: D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO (Secretario –Interventor do Concello)

VOGAL 2ª /Titular): Dª. MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA (PSdeG-PSOE)

Suplente: D. DAVID BROCOS VIEIRO (BNG)

VOGAL 3º Dª. NEREA GARRIDO MONTENEGRO (Funcionaria municipal)

Suplentes: Dª. Mº CRUZ VILAS GIADANES (Persoal laboral fixo do concello)

Dª. M.ª TERESA AMENAL JUNQUERA (Funcionaria do Concello)

VOGAL 4º: 1 técnico/a designado pola Alcaldía

SECRETARIA TITULAR: Dª. MARÍA MERCEDES PEREIRAS CALDELAS (Funcionaria do Concello)

SECRETARIO/A SUPLENTE: Un/unha funcionario/a municipal.

Posta a votación, apróbase por unanimidade.

5º.- Acordo, se procede, sobre concesión de distinción honorífica a don Arturo Cajaraville Gómez polos servizos prestados como Xuíz de Paz de Vedra.

Dáse conta da biografía de don Arturo Cajaraville Gómez e da súa dedicación ao concello como Xuíz de Paz da localidade durante 38 anos, sendo os seus referentes no desenvolvemento do seu labor a orde, o bo facer, o servizo á comunidade e o seu talante conciliador.

Por tal motivo, de acordo co previsto no Regulamento municipal para a concesión de condecoracións, honores e distincións, aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o dezanove de setembro de 1997, propónse denominar o tramo da estrada DP 8203 que vai dende o cruce da de Lino ata a última casa de Viño grande “Travesía de Arturo Cajaraville Gómez”.

Posta a votación, apróbase por unanimidade.

6º.- Acordo, se procede, sobre solicitude do C.D. San Mamede para que o campo de fútbol de San Mamede pase a denominarse “Campo de Fútbol Manuel Silva”.

Dáse conta do escrito presentado por don Manuel Mallo Fuentes, en representación do CD San Mamed, no que a proposta da Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o 26.03.2022, solicita que a instalación deportiva pase a denominarse “Campo de Fútbol Manuel Silva”, en agradecemento e recoñecemento á persoa que foi Presidente do club durante máis de dúas décadas.

Posta a votación, apróbase por unanimidade.

7º.- Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal do BNG para a recuperación e rehabilitación do centro de saúde de Vedra.



Dáse conta da citada moción presentada polo BNG na que expoñen os antecedentes do Centro de Saúde de Vedra dende a súa construción en terreos cedidos ao concellos por veciños/as de Vedra coa condición de ser dedicado a esa finalidade, ata a actualidade, facendo mención á súa desafectación e posterior cesión ao SERGAS no ano 2018.

Na mesma describen o seu estado actual e as súas graves deficiencias que presenta o edificio tanto no interior coma no exterior, así como as súas necesidades perentorias de rehabilitación e reforma, posto que o seu estado actual non cumpre coas máis mínimas medidas de salubridade e seguridade necesarias, e dun conxunto de novas instalacións para adaptarse ás necesidades actuais.

Conclúen sinalando que nos últimos quince anos se constata o deterioro da infraestrutura sanitaria de Vedra, mentres medra a necesidade de mellorar o servizo, como consecuencia do envellecemento da poboación e da crise sanitaria da COVID, que tensou o servizo sanitario ata o límite.

Polo que solicitan do Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Instar ao Alcalde de Vedra e ao SERGAS a asinar con urxencia o convenio que estableza as bases de cooperación entre o Concello de Vedra e o SERGAS para a cesión da propiedade do Centro de Saúde de Vedra, do que é titular o noso Concello, para a asunción por parte do SERGAS dos gastos de mantemento do mesmo.

2º.- Demandar do SERGAS e da Xunta de Galicia a realización dunha reforma INTEGRAL E URXENTE do edificio que alberga o Centro de Saúde, que inclúa como mínimo:

a.- Revisión das patoloxías estruturais do edificio, e reparación dos elementos deteriorados.

b.- Reestruturación dos espazos interiores do edificio, adaptándoo ás novas necesidades, previa consulta co persoal técnico –sanitario do centro, incluíndo en todo caso, unha sala para educación maternal e preparación para o parto, unha sala para atender urxencias ou persoas usuarias que teñan que estar un tempo en espera con tratamento ou vixilancia, e unha terceira consulta de enfermería.

c.- Eliminación das pontes térmicas do edificio mediante encapsulamento exterior (mediante fachada tras ventilado, sistema SATE, ou similar).

d.- Reforma e actualización da instalación eléctrica, de saneamento e de acometida de augas, así como dos acabamentos interiores (en paredes, teitos e chans).

e.- Substitución da carpintería de aluminio exterior (xanelas e portas), por unha nova carpintería en aluminio, con rotura de ponte térmica, e con sistema de regulación de asolamento integrado.

f.- Adaptación dos accesos ao edificio, cumprindo a normativa de accesibilidade vixente.

3º.- Elaborar de maneira urxente polo Concello un Proxecto de rehabilitación do edificio para a reparación dos elementos construtivos e de instalación cuxo deterioro pode causar lesións a persoas usuarias, ou traballadoras e traballadores, nomeadamente o beiril, os chanzos das escaleiras de acceso, os accesos para persoas con mobilidade reducida e a instalación eléctrica

4º.- Xestionar a continuación do SERGAS a execución inmediata das obras recollidas neste Proxecto de Reparación, deixando aberta a posibilidade de que o Concello se encargue da execución das obras correspondentes e os seu importe reintegrado ao Concello por parte do SERGAS. En todo caso, garantirase que en dous meses, as obras recollidas no proxecto municipal do punto 3 estean realizadas.



O Sr. Brocos Vieiro, do BNG, di que basicamente o centro de saúde cae a cachos. Esta moción é para poder remodelar e adecuar o centro de saúde a un uso correcto. Solicitan facelo este ano, porque se agardan máis tempo probablemente non exista o edificio. Demándanlle ao Sergas a achega do 50 % para acometer a reforma e instar ao concello a facer o proxecto de rehabilitación do edificio.

A Presidencia di que esta moción quedara na comisión informativa de seguir debaténdoa no pleno. Non está no estado calamitoso que presenta o BNG. Está en mal estado porque é un edificio que ten moitos anos e reconece que necesita unha reforma profunda. Niso están de acordo.

Na moción do BNG, dicían que o Alcalde esquecera realizar o convenio de cesión, o que non é exactamente así. A finais do 2018 recibiron por parte da Secretaría xeral técnica da consellería tres exemplares do convenio entre o Sergas e o concello de Vedra sobre a asunción dos custes de mantemento do centro de saúde de Vedra, e o grupo de goberno asinounos e devolveunos á consellería. O que aconteceu foi que o servizo de patrimonio da propia consellería non admitía a cesión sen que fose reparado previamente. Entón debateron cales eran as reparacións precisas para que o admitiran. A proposta que lles fai o servizo de patrimonio da consellería a finais de 2019 é practicamente unha reforma completa e cun alto custe. É certo que ofreceron o cofinanciamento dun 50 % desa reforma e a principios do ano 2020 coa chegada da pandemia quedou paralizado o tema.

Ao longo do 2021 retomaron o tema co novo Conselleiro de Sanidade, e dende o servizo de patrimonio da consellería mantiñan a mesma posición.

A comezos do 2022 transmítenlle ao Sergas a necesidade de facer esa reforma urxente por necesaria e demandada polos veciños. En abril tiveron unha reunión presencial coa xerente, Conselleiro e técnicos de patrimonio para abordar o tema. Nesa reunión chegaron a unhas conclusións e acordos:

1º.- Confirmáronlles que mentres non se faga a rehabilitación non van asumir a cesión do centro de saúde.

2º.- A achega da Xunta de Galicia, porque ese era un dos motivos para cedelo, para suplir os gastos que o concello ten de limpeza, gasóleo, electricidade, etcétera empezan a estar equilibrados.

A Presidencia di que ten claro que se ten que poñer unha cantidade importante para arranxar o centro de saúde, aínda que a Consellería poña o 50%, queda nas mans do concello. Chegaron a eses acordos: que a propiedade do edificio queda en mans do concello de Vedra; e como queren arranxalo xa o máis pronto posible, en prazos realistas, acordouse que o concello se comprometía a no mes de outubro ter o proxecto de rehabilitación.

As dúas administracións, Xunta e Concello, comprometíanse a que nos orzamentos do 2023, que teñen que aprobarse no 2022, vaian as partidas orzamentarias necesarias para a rehabilitación. A finais de ano ou comezos do 2023, asinariase o convenio de colaboración financeira no que eles pagarían o 50% desa rehabilitación e facer as obras ao longo do 2023.

Por estas razóns votarán en contra da proposta do BNG e a continuación presentarán por vía de urxencia, unha proposta alternativa para a rehabilitación e reforma do centro de saúde de Vedra na que recollen algunhas das propostas do BNG.

1.- Suspende e paraliza a cesión da propiedade do Centro de Saúde de Vedra ao SERGAS, aprobada no Pleno Municipal de Xaneiro de 2018, e por tanto manter a plena propiedade do mesmo no Concello de Vedra.

2.- Elaborar polo concello de Vedra e ter preparado o máis axiña posible, e en todo caso para o mes de Outubro de 2022, o proxecto de rehabilitación do Centro de Saúde de Vedra, onde coa revisión das patoloxías estruturais do edificio, se reparen todos os elementos deteriorados, realizándose como mínimo o seguinte: retirada do lucernario, e reparación e limpeza de cuberta; adecuación da instalación eléctrica á normativa actual, así como do saneamento e auga; pintado interior de teitos, paredes, portas e radiadores; substitución do revestimento exterior, reparación



de zonas con desprendementos e pintado exterior; substitución da carpintería de aluminio exterior (xanelas e portas), por unha carpintería en aluminio, con rotura de ponte térmica e con sistema de regulación de asolamento integrada; e adaptación dos accesos ao edificio, cumprindo a normativa de accesibilidade vixente.

3.- Instar ao alcalde de Vedra e ao SERGAS a asinar neste ano 2022 o convenio que estableza as bases de colaboración entre o SERGAS e o Concello de Vedra para o financiamento das obras de rehabilitación do Centro de Saúde de Vedra establecidas no punto anterior, co fin de ser executadas efectivamente ao longo do ano 2023.

4.- Igualmente instar ao SERGAS para que elabore e aprobe nos vindeiros 3 meses, contando co persoal técnico sanitario do centro, o Plan Funcional e programa de espazos que servirá de base para a redacción dun proxecto de reforma do centro para adaptalo as novas necesidades funcionais (enfermería pediátrica, sala de urxencias, farmacia, traballo social, etc).

Non é o concello o que ten que deseñar a reforma interior nin os espazos, senón o Sergas. Permiten que o faga o arquitecto municipal, pero son eles os que indican as condicións no que ten que ser.

5.- Unha vez elaborado o plan funcional, redactar polo Concello de Vedra o proxecto de reforma do centro de saúde para adaptalo as mencionadas novas necesidades funcionais. De ser posible, dito proxecto de reforma integrárase no proxecto de rehabilitación mencionado no punto 2. De poder integrarse ambos, o convenio de colaboración financeira entre o SERGAS e o Concello de Vedra mencionado no punto 3, fará referencia tamén o proxecto de reforma e de se o mesmo se pode executar conxuntamente no 2023 co proxecto de rehabilitación por ser factible economicamente, ou se executará nunha segunda fase posterior.

6.- Instar ao Alcalde do Concello de Vedra a solicitar toda vía de financiamento público complementario ao conveniado co SERGAS, para executar as obras mencionadas nos puntos anteriores.

Hai temas de eficiencia enerxética que poden encaixar ben na parte que ten que poñer o concello mediante algún tipo de subvencións.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, recórdalle que no pleno de novembro cando debateron os orzamentos facían esa observación respecto do centro de saúde. O convenio do 2018, segundo dixo, consistía en que o concello cedíalle o centro de saúde e eles arranxábano e facíanse cargo do seu mantemento; e agora con este novo convenio que ten asinado, eles só poñen a metade para arranxalo. Pregúntalle se ten algo asinado que se vaia cumprir. Ten dúbidas de que se cumpra este compromiso ao igual que pasou no 2018.

Anuncia que o seu grupo vai votar a favor da moción do BNG.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que obviamente van votar a favor da moción que presentou o seu partido. Na moción do PP vanse abster por varios motivos; porque no ano 2018 xa se falaba da rehabilitación e no 2022 aínda non se fixo nada, e porque o estado do centro de saúde é grave tal e como demostran as fotos realizadas polo BNG onde se pode ver como caen as cornixas.

Por último sinala que se van asinar ese convenio, solicita que no convenio se especifique que se vai reverter ao concello, que vai ser propiedade do concello e que dentro duns anos se lle reverta ao Sergas.

Intervén o Sr. Brocos Vieiro, do BNG, e di que se o Sergas non aceptou a cesión da propiedade, non hai que paralizar nada e que ninguén vai aceptar un edificio en mal estado. En Salvaterra do Miño, no ano 2020, aceptaron o centro de saúde sen problema ningún porque o tiñan arranxado. O centro de saúde de Vedra leva 20 anos sen arranxar.



Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, entende que o acordo do 2018 era a desafectación, a cesión á Xunta para que se fixera cargo do seu arranxo e mantemento. Agora a proposta do BNG é asinar con urxencia o convenio que estableza as bases de cooperación entre o concello e o Sergas para unha reforma integral do centro.

A proposta do grupo de goberno é só do 50%. O grupo municipal socialista vai apoiar a proposta do BNG xa que vai máis en consonancia co convenio asinado en 2018.

A Presidencia aclara que o que se aprobou naquel momento foi a cesión do centro de saúde para que en primeiro lugar se fixeran eles cargo do mantemento do mesmo (electricidade, limpeza, gasóleo, etc) e despois esa reforma que fai falta. Cando os centros son propiedade do Sergas, fan eles a reforma e asume o 100% do custe. Esa era a idea inicial, o que se asina nese convenio é iniciar o procedemento para cedelo, que foi cando se fixo a segregación da finca, a modificación no rexistro, a aprobación en pleno, etcétera. É cando a finais do 2018, asinouse un convenio que enviaron e devolveuse asinado ao Sergas. Nese momento é cando o servizo de patrimonio do Sergas di que primeiro hai que reparalo. O Sergas só paga o 50% das obras que se fan nos centros de saúde cando estes son propiedade dos concellos.

Agora mesmo están con acordos e tempos concretos. Queda pendente o plan funcional, que é o que eles farían a posteriori. A única vantaxe que ten o concello de facer ou esixir o plan funcional, é que se o quere facer o concello non depende do Sergas para facelo e non hai que esperar tanto tempo.

Posta a votación a moción presentada polo grupo municipal do BNG, rexéitase con oito votos en contra do PP e cinco a favor do PSdeG-PSOE e BNG.

8º.- Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal do PP para a recuperación e rehabilitación do centro de saúde de Vedra.

Dáse conta da urxencia deste punto na orde do día que se aproba por unanimidade dos asistentes.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo vai votar en contra da moción porque non se fían dese convenio que ten asinado e non están de acordo co reparto que nel se propón.

A Presidencia resposta que o que ten agora o grupo de goberno son os compromisos nesa reunión con ese calendario temporal: ter o proxecto en outubro, esixir o plan funcional para integralo no proxecto e asinar o convenio de colaboración financeira antes de finais de ano.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP e cinco abastencións do PSdeG-PSOE e BNG.

9º.-Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal do PP sobre a recollida de biorresiduos.

Dáse conta da citada moción presentada polo Grupo Municipal do PP, na que expoñen que coa entrada en vigor da Lei 7/2022 de residuos e solos contaminados para una economía circular, os concellos de menos de 5.000 habitantes deben ter implantada antes do 30 de xuño a recollida separada dos biorresiduos de orixe doméstica, cando tanto a Directiva Marco Europea coma a Lei de Residuos de Galicia sitúan ese prazo para implantar o quinto contedor a finais de 2023.

Esta decisión do Goberno aféctalle en Galicia a máis dun cento de concellos que se ven obrigados a acelerar un proceso que leva meses implantar, co conseguinte prexuízo e a práctica imposibilidade de cumprir cos prazos fixados por lei, que por outra parte leva aparelado sancións de ata 100.000 euros para as entidades locais.

Por iso propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:



“O Pleno do Concello de Vedra insta ao Goberno Central a ampliar o prazo fixado na Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos para que os municipios de máis de 5.000 habitantes implanten a recollida separada de biorresiduos, seguindo o estipulado na directiva europea e na Lei de Residuos de Galicia, que fixan a data límite en decembro de 2023”.

A Presidencia solicita unha prórroga para implantar o quinto contedor cun prazo máximo de decembro de 2023, tal e como permite a directiva europea. Solicita o apoio á moción.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que isto leva en marcha xa uns anos e achega os seguintes datos:

1º.- Segundo os últimos datos do 2019, Galicia co seu actual modelo de tratamento de residuos. O 99% dos concellos tratan os residuos en Sogama, e só recicla ou composta o 21,4 dos residuos que produce, moi lonxe da media española que é dun 38%.

2º.- É a segunda comunidade autónoma que menos recicla ou composta. Tamén é a segunda que máis incinera, case a metade do total, moi por encima da media española que é dun 11%. Incúmprese amplamente o obxectivo do 50%, que é o marcado pola UE para o 2020. É urxente tomar medidas inmediatas para pechar a fenda e situarnos na senda que nos permita cumprir cos obxectivos de recuperación do 55% para 2025 marcado pola UE.

A Xunta coñece esta esixencia dende hai anos porque a directiva marco de residuos establece como límite finais do 2023, pero os estados membros poden adiantalas segundo a necesidade dos territorios.

Xa no ano 2016 se falaba disto, e en maio de 2018 someteuse a información pública e consulta ás comunidades autónomas un borrador do anteproxecto de lei de modificación do 22/11 do 28 de xullo de residuos e sólidos contaminados que así o contemplaba. Dende o Ministerio para a transición ecolóxica participaron nunha xornada organizada pola Xunta en marzo de 2019 para establecer estas obrigas.

O certo é que Galicia recibiu no 2021, 23 millóns de euros e este ano está previsto que reciba outros dez do Plan de recuperación e doutros fondos estatais para financiar proxectos de mellora de xestión de residuos de competencia municipal con especial atención á recollida separada e tratamento de biorresiduos. Hoxe mesmo, o concello de Vedra recibiu 23.000 euros.

Pregunta en que pensan gastar eses 23.000 €, con que fin se pediu esa subvención e que plans teñen ao respecto. Pregunta se van optar polo quinto contedor ou polos composteiros ven sexa de xeito individual ou comunitario.

Gustaríalle incluír un punto na moción no que se inste á Xunta a que axude aos concellos a por en marcha toda a normativa que lles espera de aquí a formalizar esta obriga.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que o seu partido trae hoxe outra vez unha moción para o empoderamento en materia medioambiental de Vedra. Unha proposta de decrecemento. É a mesma moción que presentan ano tras ano, por se algún ano a aceptan, e nesa moción xa se fala dos composteiros.

Solicitar un aprazamento de algo que xa se sabe dende hai anos non é correcto, xa se debería ter traballado nisto e ter algo feito a estas alturas.

Pregunta se van poñer composteiros ou o quinto contedor, e no caso de que se poña canto vai subir a taxa de recollida do lixo.

Anuncia o voto en contra do seu grupo.

A Presidencia respóndelle que non é que vaia subir, e que un dos temas que teñen que debater e unha das cousas polas que o 90% dos concellos de Galicia non implantaron isto aínda, é porque implantalo coas esixencias das normativas comunitarias e dos controis, non é gratis.

Cre que é unha cuestión para debater nunha xunta de voceiros. Haberá que ver o que se pode implantar aquí e sexa máis sostible, e que ese custe que chega ao concello e que dalgunha ou outra maneira vai acabar repercutindo no cidadán, sexa o menos posible.

Comprométese a ter a xunta de voceiros para tratar exclusivamente este tema, porque ten claro que deben ir pola liña dos composteiros porque o poden facer e é máis sostible e máis



ecolóxico. Iso tamén ten a súa complexidade, porque non se trata de que cada casa teña o seu composteiro e xa está.

Nalgúns puntos concretos, ao mellor non queda outra solución que instalar o quinto contedor e terán que falar con outros concellos para facer unha xestión compartida deses puntos. Tamén hai a posibilidade de composteiros comunitarios e terán que ver como funcionan as distintas posibilidades.

O que están solicitando agora é unha prórroga.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que seguramente isto supón un esforzo de moitos recursos e pregúntalle á Presidencia se se compromete a ter isto en marcha antes de novembro de 2023. Esta responde que si.

Posta a votación, apróbase con once votos a favor do PP e PSdeG-PSOE e dous en contra do BNG.

10º.- Acordo, se procede, sobre moción do PSdeG-PSOE con motivo das dificultades que están a atravesar as explotacións produtoras de carne de Galicia.

Dáse conta da urxencia deste punto na orde do día que se aproba por unanimidade dos asistentes.

Dáse conta da moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE , na que na súa exposición de motivos dan conta da situación límite que están a atravesar as explotacións de produción de carne en Galicia, concretamente de vacún, ovino, cabrún, avícola e cunicultura, que require de apoio público para garantir a súa continuidade.

Estes subsectores viñan sufrindo os efectos dunha crise estrutural dende hai moito tempo que foi agravada pola perturbación do mercado derivado da crise da pandemia, o incremento dos custos de produción a causa do aumento dos prezos das materias primas para alimentación animal, dos prezos da enerxía e dos combustibles iniciado o pasado ano e que se intensificou co conflito bélico en Ucraína.

Polo que o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE insta ao Pleno da Corporación de Vedra a adoptar o seguinte acordo:

“Instar á Xunta de Galicia a implantar con axilidade unha liña de axudas directas aos subsectores gandeiros de carne (vacún, ovino, cabrún , avícola e cunicultura) habilitando para iso unha partida con cargo aos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, por unha contía equivalente á que as explotacións galegas van percibir en concepto de axuda excepcional regulada polo Real Decreto 428/2022”.

A voceira do PSdeG-PSOE, quere destacar algúns datos que están incluídos na exposición de motivos da moción.

Debido ás dificultades que están a ter debido á subida dos custes de produción, os gandeiros teñen moi difícil trasladar o prezo que perciben polos seus produtos.

Quere mostrar de onde veñen as axudas e de onde máis poden vir, porque ao PP écheselle a boca de falar do rural e despois non achegan nada a esas axudas.

A CEE dispuxo 500 mil millóns de euros da reserva da crise, dos cales 64 mil millóns corresponden a España. Van achegarlle aos gandeiros galegos que se dedican á produción de carne uns 60€ por vaca, 12€ por becerro, 5€ por ovella ou cabra e cantidades variables en función da capacidade das granxas de polos e coellos.

O Sr. Feijoo, antes de marchar a Madrid, comprometeuse a apoiar ao sector con fondos propios da Xunta por un importe equivalente á contribución estatal. A día de hoxe aínda non saben nada dos fondos e quere saber se o novo Presidente da Xunta vai herdar ese compromiso.



A Presidencia responde que no Parlamento de Galicia anunciouse que a Xunta vai complementar esas axudas directas aos gandeiros e outras aprobadas polo goberno central.

Posta a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

11º.- Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal do BNG para o empoderamento en materia medioambiental de Vedra. Unha proposta de decrecemento.

Dáse conta da urxencia deste punto na orde do día que se aproba por unanimidade dos asistentes.

Dáse conta da moción do BNG , na que propoñen a revisión e posta en valor da moción Plan Integral de Suficiencia Enerxética de Vedra, así como a proposta de xestión integral do lixo realizada polo grupo na lexislatura 2011-2015.

-En materia de xestión do lixo, solicitan a revisión da regulación da taxa de maneira que se reduza para as familias que composten e separen correctamente, e propoñen un sistema de recollida porta a porta, con taxas progresivas en función do traballo de cada familia.

-En materia de suficiencia enerxética propoñen recuperar e actualizar o Plan de suficiencia enerxética presentado no ano 2002 e aproveitar as sinerxías do proceso de desconexión gradual dos inmobles e instalacións municipais da rede xeral de aprovisionamento eléctrico, e acadar financiamento aproveitando o POS + anual.

-Na construción de infraestruturas , creando unha acción formativa para desempregados (AFD) para crear sinerxías en materia de sostibilidade enerxética, permitindo a formación de traballadores especializados en enerxía solar e estruturas auxiliares.

-A formación constitúe a parte fundamental do Plan de Suficiencia Enerxética de Vedra e considérase o núcleo do proxecto e os alicerces do proceso de empoderamento enerxético e medioambiental da veciñanza, diferenciando a formación directa, aproveitando os obradoiros e solicitando axudas para implantar unha AFD específica, e a formación da veciñanza , onde aproveitar a inercia que produce o obradoiro e a publicidade do proxecto, de xeito que Vedra se conforme como referente na comarca en enerxías alternativas, bioconstrución, e procesos de biodepuración, coa idea de converter a Vedra nun referente de decrecemento.

O BNG solicita o apoio do Pleno para acadar o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o Plan de empoderamento en materia enerxética e medioambiental de Vedra, nas condicións expostas.

2º.- Modificar as taxas de recollida de lixo, introducindo as modificacións expostas.

3º.- Iniciar a primeira fase do proceso de empoderamento enerxético, coa desconexión da Casa do Concello de Vedra, incluíndoo no presente POS +

4º.- Realizar o aproveitamento orzamentario necesario para acometer a anualidade 2023, reservando os fondos necesarios do POS, e proxectar o Obradoiro de Formación en Instalacións Eléctricas Solares, para incluílo na solicitude de fondos do PAS.

5º.- Crear unha comisión de seguimento do Plan coa participación de todos os grupos municipais.

6º.- Darlle publicidade a aprobación do Plan Integral de Suficiencia Enerxética de Vedra nos medios públicos e no Boletín Municipal.

O Sr. Brocos Vieiro, do BNG, expón que no tema da recollida do lixo, en un gasto importante e propoñen outra vez fomentar a compostaxe, porque canto máis composten menos tiran e canto menos tiren, menos teñen que pagar.

Respecto á recollida porta a porta, sábese que recicla e quen non. Aqueles que si o fagan pódese abaratar o recibo.



Sobre o tema da desconexión, gustaríalle saber canto gasta o concello en electricidade na casa consistorial, por exemplo. Obviamente en ningún momento se fala de cortar a liña. Consideran unha inversión aproximada de 20.000 € e o aforro pode ser bastante superior.

Cre que é importante facer unha boa formación en compostaxe e eficiencia enerxética, porque aforra o concello e a veciñanza.

O Sr. Caldelas González, do PP, di que solicitaron na comisión informativa que deixaran a moción para o seguinte pleno para tela todos máis preparada e máis información ao respecto.

É a terceira vez que presentan esta moción e é un exercicio de copiar e pegar das presentadas no 2015 e 2019 coas mesmas cifras e datos. As condicións económicas e enerxéticas cambiaron moito dende o 2015 ata o día de hoxe.

Dende o grupo de goberno son conscientes da crise enerxética e polo tanto medio ambiental que se está a sufrir e por iso levan anos traballando niso.

Vedra é un concello pioneiro en temas de cambio climático. Por exemplo na iluminación pública, na anterior lexislatura, o Sr. Vázquez Martínez (sen ter dedicación exclusiva) encargouse de sacar adiante o tema (cambiar a led, optimizar os cadros, manter unha factura de 180.000 €, etcétera). Se non estivese feito iso no seu día, agora estarían pagando entre 400 ou 600 mil euros.

Isto que se está aforrando agora é o que se pode empregar noutros servizos como ludoteca, centro de saúde, etcétera.

Actualmente estanse facendo actuacións no pavillón e gardería para acadar un aforro enerxético importante; instaláronse catro puntos de recarga de coches eléctricos no centro de saúde e en Santa Cruz; instaláronse caldeiras de biomasa na casa do concello e noutros edificios municipais; repartíronse máis de 200 composteiros nos últimos anos, e seguirán adiante co plan establecido no PACES aprobado hai varios anos no concello.

O tema enerxético é prioritario para este grupo de goberno, simplemente polo aforro e poder empregar eses cartos noutros recursos necesarios para o concello.

Agora mesmo decántanse por un proxecto piloto que sería crear unha comunidade enerxética nos edificios municipais que están arredor da casa consistorial (centro de saúde, CPI, pavillón, etcétera). Cren que poden meter eses edificios nunha comunidade enerxética e cando conclúan o estudo explicaríalle para que vexan como se podería aforrar máis ca cunha desconexión.

Respecto á cifra de 20.000 € que custaría a desconexión da casa do concello, se entran na páxina web do INEGA, verán que o custe da desconexión dun edificio de 8 kw pico, ten un custe de entre 12 e 14 mil euros por kw pico; é dicir, 96.000 €.

En segundo lugar, teñen un estudo feito deste edificio para colocarlle placas solares, non para a desconexión, que indica que non é viable tecnicamente polas dimensións da parcela e a caída do tellado.

Intervén o Sr. Brocos Vieiro, do BNG, para dicir que eses 20.000 € é unha cifra que tiñan de antes, pero é unha cantidade que dá para colocar paneis solares e abaratar bastante a luz.

Intervén de novo o Sr. Caldelas González, do PP, para afirmar que cre que é máis viable o da comunidade enerxética que inclúa a todos os edificios da zona de Vedra.

Hai edificios, como o centro de Merín, que gasta sobre 30/40 euros de electricidade, e facer un investimento de miles de euros aí non é viable.

Respecto á recollida selectiva que presentan na moción, ten moitas dúbidas de como se fai, quen a fai, quen a controla, o custe que vai ter e como levala á práctica.

Gustaríalle ter máis datos para poder analizar a proposta do BNG.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que estivo presente na primeira presentación desta moción na que se falaba da desconexión e non era o momento porque era a época do imposto ao



sol, etcétera. Entende que agora si é o momento porque cadra ben cos fondos do plan de recuperación, transición e resiliencia.

Pregunta se o concello ten algún plan preparado para o tema da comunidade enerxética e a que fondos van acudir para levala a cabo. Cre que é o momento de acudir aos fondos europeos para estes proxectos e non se pode esperar máis.

O seu grupo vai apoiar a moción e esperar as explicacións do grupo de goberno.

Sinala o Sr. Brocos Vieiro, do BNG, que o seu grupo presentara na lexislatura anterior un proxecto feito pola USC en relación á comunidade enerxética.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, cre que dicir que o concello é pioneiro en cambio climático porque se pasou a LED e se instaláron cubertas illantes, é algo pretencioso, xa que o fan todos os concellos.

Recoñece que a instalación dos puntos de recarga é un avance, pero aínda así non se pode dicir que é un concello pioneiro.

Replica o Sr. Caldelas González, do PP, que para os puntos de recarga acudiuse aos fondos do Plan Moves, que subvencionaron o 40%, e están de alta nas distintas webs de puntos de recarga. Ademais, Vedra é o único concello ao sur de Santiago que ten puntos de recarga.

Posta a votación, rexéitase con oito votos en contra do PP e cinco a favor do PSdeG-PSOE e BNG.

12º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

-- Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre se as obras que se están levando a cabo en Pazo Galegos contan coa licenza pertinente e se axustan á mesma, di que presentaron no ano 2021 un proxecto para licenza para obras de reforma e acondicionamento de hotel, así como para os servizos de abastecemento e saneamento e acompañaron a autorización outorgada mediante resolución de Patrimonio Cultural.

É certo que a día de hoxe fixeron máis cousas das que solicitaron nun primeiro momento e xa se lles dixo que tiñan que presentar un proxecto complementario en relación ás mesmas.

2º.- Respecto á listaxe das persoas ás que se lle vai estabilizar o emprego, di que xa está contestada.

3º.- Sobre a limpeza das cunetas e espazos públicos, di que se está facendo un esforzo importante para ter os espazos públicos e cunetas no mellor estado posible e no menor tempo posible.

4º.- Respecto a se o Sergas vai cubrir as vacacións dos médicos e pediatra do centro de saúde de Vedra, a Presidencia contesta que hai un problema xeneralizado en toda España, non é un tema de dotación orzamentaria, senón que é unha cuestión da imposibilidade de contratar médicos especialistas.

O desexo é que, na medida das posibilidades reais, se cubran. En todo caso, os médicos de cabeceira organizáronse para as vacacións e poder cubrir as necesidades do servizo.

No caso de pediatría, que si xera máis problema, obviamente van intentar que a cubran na medida das posibilidades que teña a Consellería, sabendo o déficit de pediatras existente. Preguntou polo tema e dixerónlle que en todo caso os propios médicos, dentro das vacacións da pediatra, poden atender aos nenos. En casos específicos serán derivados a pediatras de centros próximos.



5º.- Sobre que sucede co streaming, di que funciona con normalidade. No caso de hoxe non é culpa do concello, xa que hai máis incidencias noutras casas de Vedra.

6º.- Respecto á visita do Delegado do Goberno a Vedra, a Presidencia di que lle contestará polo miúdo no próximo pleno. De xeito xeral pódelle dicir que faláron de cubrir a cuarta vacante na oficina de correos en Vedra, o mantemento da N-525, da achega do Estado ao SAF, do incremento de persoal en ADIF para solucionar problemas á hora de tramitacións, etcétera.

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. García Cutrín, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto a como está o tema das bases das escorrentías de Vilanova, cando se van empezar a executar, a Presidencia di que a empresa xa ten todas as autorizacións e licenzas necesarias para facelo. Dende o concello están reclamando para que o fagan xa e aproveiten o verán para facer a parte principal da obra.

2º.- Sobre as obras na escola unitaria de San Fins, a Presidencia di que van facer máis do que tiñan pensado, porque ao final si concederon unha subvención e ten que estar rematado a finais de outubro. Instalarase unha nova cuberta, farase a limpeza e pintado de toda a fachada, retirarase a carpintería e tellado da galería para substituílo por unha nova. Teñen que licitalo agora e ao ser un contrato menor invitarán a participar a empresas da zona.

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto da Aula Cemit, di que ten un mail de Amtega onde lle din que van cambiar este ano os equipos. Espera que en outubro comecen cos cursos.

2º.- Sobre a expropiación en San Xián, di que xa se fixeron as publicacións nos xornais e se mando para publicar ao DOG. A notificación persoal á familia xa está feita, e tiñan un prazo dun mes para opoñerse ao que é a propia expropiación. Tivo unha reunión con eles para comunicarlles que en calquera momento que viran que podían chegar a un acordo, reuníanse e chegaban a ese acordo.

13º.- Rogos e preguntas.

-- Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Respecto á reunión que mantiveron coa Deputación dando cumprimento ao acordo da moción presentada polo BNG sobre a seguridade viaria das estradas quere manifestar os compromisos que acadaron.

A Deputación dí que lle contestou en febreiro do 2020 solicitando que lle especificase o que solicitaba.

Nesa reunión chegouse a unha serie de acordos para mellorar a seguridade viaria diante do CPI, en San Xián e diante do concello. Estarán atentos ás actuacións que van levar a cabo.

Tamén nesa reunión o Deputado comprometeuse a facer un estudo para terminar a estrada da Gaiosa dende o cruce ata a Ponte de Sarandón, así como para o solucionar o problema de seguridade viaria que hai nese cruce de Sarandón.

Pregunta se a Presidencia deu algún paso ao respecto ou tivo algunha reunión coa Xunta por este tema, xa que é a titular dunha das estradas.

Ofrécese a acompañalo a esa reunión xunto coa voceira do BNG.

2º.- Sobre as obras no antigo Pazo de Galegos, a Presidencia dixo que ían presentar un proxecto complementario porque ven que non se axusta á licenza outorgada e tiraron un muro tradicional.



Chámalle a atención que un negocio desas características pida unha licenza por un proxecto de 100.000 € e pague 2.000 € pola licenza, cando as obras alí executadas superan por moito ese importe.

Pregunta se é o procedemento habitual que cando o concello detecta que as obras non se axustan á licenza, solicite un proxecto complementario. Tamén pregunta se iso non prevaricar.

A Presidencia responde que se o quere acusar de algo que o faga polas canles correspondentes. El non foi por alí.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, reitera a súa pregunta de se esa é a maneira de proceder, presentar un proxecto complementario.

Intervén o Sr. Secretario para dicir que se alguén presenta un proxecto e logo hai modificacións, loxicamente despois ten que presentar a modificación do proxecto.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que ese proxecto ten que pasar pola Xunta de Goberno e o negocio xa está funcionando. Non cre que vivindo ao lado, a Presidencia non coñecese ese proxecto.

A Presidencia dille á voceira do PSdeG-PSOE que non confunda proxecto con actividade.

3º.- En canto ao plan de residuos, pregunta se o grupo de goberno ten algún plan previsto, se presentaron algunha solicitude para optar aos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, e tamén quere saber o que reciben polo contedor amarelo de Ecoembes.

Cre que teñen o tema da reciclaxe abandonado dende hai tempo e acaban de optar a unhas subvencións que os obriga a telo feito en novembro do 2023.

4º.- Respecto á limpeza das pistas, di que é certo que neste tempo a herba medra moito, pero non todas as pistas son iguais. Descoñece o plan que teñen para dar prioridade a unhas si e outras non, pero hai pistas no concello nas que é imposible pasar co coche. Solicita que se teñen algún plan para isto, que o explique no seguinte pleno.

5º.- Sobre a falta de médicos no centro de saúde, di que houbo 75 prazas de médico de familia e só se ocupou unha.

O PP, que goberna esta comunidade e ten as competencias en materia de sanidade, ten aos sanitarios descontentos, machucados e saturada a atención primaria. Seguen sen cubrir as prazas porque non se lle ofrecen condicións de traballo dignas. Un verán máis o servizo será deficitario para os veciños e algúns espéralle outro verán de turismo pediátrico.

6º.- Pregunta se é verdade que se amortiza unha das catro prazas de correos que hai en Vedra.

-- Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Cando se instalou a caldeira do CEIP Ortigueira.

2º.- Roga que instalen o toldo na ludoteca para protexer aos usuarios do sol.

3º.- Pregunta se as familias que non poidan pagar o servizo de ludoteca se deran de baixa no censo de Vedra, se iso non sería malo para as arcas municipais.

4º.- Pregunta que se vai facer co servizo do centro de saúde cando estea en obras.

5º.- Cre que sería máis apropiado facer os arranxos na Escola Infantil Municipal no mes de agosto.



6º.- Pregunta se a piscina ten o mesmo custe se van 20 usuarios ou 30. Un bono para unha familia de Vedra custa 36 €, e un bono para alguén que non sexa do concello, custa 100 €. Cre que fan iso para que non veñan os de fóra.

7º.- Solicita información sobre o cambio do servizo de limpeza porque non hai contratos menores publicados na web municipal.

8º.- Solicita coñecer os gastos que xeraron as clausuras das actividades extraescolares dos nenos, adultos e da animación e desenvolvemento comunitario das persoas maiores.

9º.- Pregunta se este ano non vai haber as actividades do programa “Tardes lúdicas do verán”.

10º.- Espera que o plan de comunidade enerxética vexa pronto a luz.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Solicita que as comunicacións políticas e non políticas se arquiven no arquivo histórico.

2º.- Pregunta se é verdade que se lle indicou aos propietarios do polígono, que se non queren poñer a súa achega para as obras, teñen que vender os dereitos.

3º.- Cantas empresas están a utilizar actualmente o viveiro dixital municipal.

4º.- En relación cos viñedos, di que todos viron as imaxes escandalosas de hai uns días e parécelle increíble que aínda non se fixera nada. Pensa que deberían esixir responsabilidades. Cada vez plántase máis viñado e non se está a facer ningunha planificación. Solicita que poñan en funcionamento a moción que presentou o BNG sobre o SIX, así como un informe que conteña as licenzas que lle concedeu o concello a todas esas novas empresas.

5º.- Os veciños de San Mamede levan máis de catro anos esperando que finalicen as obras da antiga escola. Solicita que se inclúa unha partida para ese fin nos orzamentos do 2023.

6º.- Solicita que se faga a partir deste ano a planificación da pavimentación de pistas, e que esta sexa motivada.

7º.- Pregunta se se vai colocar a bandeira LGTBI e se vai facer algún tipo de acto. Solicita que de cara ao ano que vén se faga algún tipo de acto.

-- O Sr. Brocos Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Por que o concello de Vedra non participa no Festival Atlántica.

2º.- Por que o concello de Vedra non participa no programa Apego.

3º.- Estanse retirando as liñas de cobre de telefonía, e hai tempo díxose en pleno que todo o concello ía ter fibra óptica excepto unha zona da Ulla. A día de hoxe hai aldeas que aínda non a teñen. Solicita que o concello faga algo de presión respecto a iso.

4º.- Cal é o certificado que posúe a máquina de asfalto.

Conclúe ao fio das vinte e catro horas.